# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

# DE

# CULTURA CLÁSICA



**CURSO 2016-2017**

**CPI CERNADAS DE CASTRO. LOUSAME.**

**0. ÍNDICE**


| | PÁX |
|---|---|
| 0. ÍNDICE | 2 |
| 1. INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN | 3 |
| 2. OBXECTIVOS DA ETAPA | 5 |
| 3. OBXECTIVOS DA ÁREA DE CULTURA CLÁSICA | 6 |
| 4. DESENVOLVEMENTO DO CURRÍCULO | 7 |
| 4.1. Criterios de avaliación | 7 |
| 4.2. Contidos | 18 |
| 4.3. Instrumentos de avaliación | 30 |
| 5. METODOLOXÍA | 36 |
| 6. AVALIACIÓN | 37 |
| 6.1. Procedementos de avaliación | 37 |
| 6.2. Criterios de cualificación | 38 |
| 6.3. Avaliación inicial | 39 |
| 7. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE | 40 |
| 8. ACCIÓNS DE EDUCACIÓN EN VALORES | 41 |
| 9. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC DO CENTRO | 44 |
| 10. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR E PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO | 44 |
| 11. ACTIVIDADES DE REFORZO/RECUPERACIÓN | 45 |
| 11.1. Criterios para superar as materias pendentes pola avaliación continua | 46 |
| 12. MATERIAIS DIDÁCTICOS | 47 |
| 13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES | 47 |
| 14. AVALIACIÓN DA PROPIA PROGRAMACIÓN / PRÁCTICA DOCENTE | 48 |

# 1. INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A materia de Cultura Clásica ten como obxectivo primordial achegar o alumnado ao estudo das civilizacións grega e latina nos ámbitos literario, artístico, filosófico, científico, sociopolítico e lingüístico, de xeito que poida tomar conciencia da influencia, o mantemento e a presenza destes aspectos na cultura occidental, e comprender a súa identidade cultural, así como as manifestacións que a definen.

A través de Cultura Clásica preténdese iniciar o alumnado nun exercicio de reflexión e análise sobre as bases en que descansan realidades moi importantes da nosa cultura, confrontándoas co que coñecemos como legado clásico: un patrimonio común que debe ser considerado irrenunciable para os cidadáns e as cidadás de Europa.

De acordo con esta formulación, o currículo básico da materia articúlase en bloques temáticos pertencentes a dous ámbitos diferentes: o ámbito lingüístico e o non lingüístico.

O ámbito lingüístico oriéntase fundamentalmente a analizar a relación de parentesco entre as linguas clásicas e un bo número das que se falan na actualidade. Para iso, pártese do concepto de familia lingüística, centrando a atención na familia das linguas indoeuropeas, á que pertencen o grego e o latín e da que se deriva unha boa parte das linguas modernas. O estudo da orixe e a evolución da familia lingüística indoeuropea acompáñase coa descrición do marco histórico e xeográfico onde ten lugar a devandita evolución. En relación con este aspecto, inclúese un percorrido a través da orixe e a evolución da escritura e a súa diversidade de sistemas e alfabetos. Préstase especial atención ao importantísimo papel que o latín e o grego xogaron na configuración das linguas modernas, en especial na composición culta e na formación do léxico. O obxectivo último da materia de Cultura Clásica neste ámbito, será permitir ao alumnado afondar na comprensión da propia lingua e no uso desta mesma como elemento esencial para a comunicación e a adquisición de coñecementos.

No ámbito non lingüístico englóbase o resto dos bloques propostos: xeografía, historia, mitoloxía, relixión, arte, sociedade e vida cotiá, e literatura. Todos eles irán enfocados a iniciar o alumnado no coñecemento dos aspectos máis característicos da cultura grecorromana, de xeito que a través do seu estudo sexa quen de analizar e comprender os trazos comúns e os que son diversos, valorar a herdanza clásica e respectar o patrimonio cultural da humanidade. Para sentar as bases deste estudo pártese da necesidade de coñecer o marco xeográfico e histórico en que se desenvolveron as civilizacións grega e romana ao longo do tempo, orixe da civilización occidental. O estudo das relixións grega e romana presta atención ás manifestacións máis significativas da relixiosidade oficial, os cultos públicos e privados, as manifestacións deportivas relacionadas, as festividades relixiosas e os valores culturais asociados a ela. Dentro deste apartado sitúase o capítulo da mitoloxía, no que se aborda a construción do imaxinario colectivo europeo, grazas ás narracións míticas e lendarias, o mundo dos deuses e dos heroes, e o seu mantemento na cultura contemporánea.

Especial atención merecen as manifestacións artísticas que nos legaron as civilizacións grega e romana, que serviron e serven de modelo a moitas das producións actuais. Entre elas cómpre salientar, por unha banda, as relativas ás artes plásticas, concretamente á arquitectura, á escultura e ás artes decorativas, e, pola outra, á literatura, cuxa configuración en xéneros determina toda a nosa tradición literaria, grazas ao acervo de temas, tópicos e recursos estilísticos empregados polos seus autores e polas súas autoras.

Dedícase un apartado á sociedade e á vida cotiá, dentro do cal se tratan aspectos como a organización política e social do mundo grecorromano, as clases sociais, a vida pública e privada, e os valores cívicos que se transmitiron á cultura occidental.

A comunicación lingüística é a competencia clave con máis presenza no bloque lingüístico, xa que permite descubrir as raíces grecorromanas do vocabulario das linguas que utiliza. Non obstante, no bloque non lingüístico os propios contidos da materia fomentan, tamén, a expresión a través da comunicación textual, oral, audiovisual e dixital.

A presenza das novas tecnoloxías da información e da comunicación no mundo actual debe aproveitarse como unha vantaxe para o labor cotián na aula, traballando, deste xeito, a competencia dixital. A procura de información guiada polo profesorado facilita o desenvolvemento do espírito crítico e o achegamento persoal ao coñecemento. Nesta liña, tamén hai que salientar a importancia do traballo da competencia en aprender a aprender, xa que o alumnado está iniciándose na selección, na avaliación, na comprensión e na produción de información cada vez máis complexa. A perseveranza, os hábitos de estudo, a autonomía e o traballo en equipo son capacidades que se poden afianzar neste capítulo.

A descuberta da historia do mundo grego e do romano a través dos seus fitos máis salientables no ámbito da política, a sociedade e a vida cotiá axudarán a potenciar as competencias sociais e cívicas, así como a competencia en sentido da iniciativa e espírito emprendedor, por medio da planificación de proxectos en equipo, reforzando os conceptos dos valores democráticos, a participación cidadá e a toma de decisións responsables.

Unha visión global da xeografía e historia de Grecia e Roma impulsará o alumnado a comprender os procesos de cambio desde o mundo antigo ata a actualidade, traballando, tamén, a competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, que capacitan para a análise de fenómenos complexos, o razoamento lóxico e o rigor científico.

A aproximación ás manifestacións artísticas e literarias do mundo clásico permite o desenvolvemento da competencia en conciencia e expresión culturais, xa que un dos obxectivos principais da materia é a constatación do mantemento das súas pegadas na actualidade.

A materia de Cultura Clásica pode significar para o alumnado de educación secundaria unha excelente vía de achegamento á posta en valor do noso patrimonio cultural, que se aloxa nos restos arqueolóxicos, nos museos e

mesmo no contorno cotián, así como nas manifestacións máis inmateriais da cultura grecorromana, como o pensamento, as crenzas, a mitoloxía, a estética e a ética.

A materia de Cultura Clásica, que este ano se vai impartir en 3º ESO, non ten departamento propio, senón que queda incluído no de Lingua e Literatura Galega, xa que unha profesora do citado departamento será quen actúe como docente: Fátima Miguéns Horta.

En todos os bloques de contidos, a pretensión fundamental é posibilitar ao alumnado un achegamento específico á nosa herdanza clásica, manifestación por excelencia da cultura da que procedemos. Razón pola cal vai implícito o estudo inescusable do mantemento do legado clásico na actualidade, co que se pretende analizar todos os elementos desta herdanza clásica que continúan a ser referentes na nosa cultura. Debido ao carácter de optatividade da materia de Cultura Clásica, é necesario ter en conta a flexibilidade na adecuación dos contidos ás características dos centros docentes e ao alumnado que escolla esta opción, de xeito que o seu currículo debe ter a apertura propia das materias específicas.

## 2. OBXECTIVOS DA ETAPA

-Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

-Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

-Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

- Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

-Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

- Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

- Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

- Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

-Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

-Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

- Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

-Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación

- Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

-Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para o mantemento da nosa identidade, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que nos comunica con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

## 3. OBXECTIVOS DA ÁREA DE CULTURA CLÁSICA

-Localizar nun mapa fitos xeográficos relevantes para o coñecemento das civilizacións grega e romana.
-Coñecer as características máis importantes do marco xeográfico no que se desenvolveron as culturas de Grecia e Roma no momento do seu apoxeo.
-Coñecer algúns fitos esenciais na historia de Grecia e Roma e coñecer as súas consecuencias e influencia na nosa historia.
-Distinguir e situar nun eixe cronolóxico as principais etapas históricas de Grecia e Roma.
-Coñecer coa súa denominación grega e latina os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina, os seus trazos, atributos e ámbitos de influencia.
-Coñecer os mitos e heroes grecolatinos de maior relevancia.

-Coñecer as características fundamentais da arte grega e romana e relacionar manifestacións artísticas actuais cos seus modelos clásicos.

-Localizar nun mapa e describir os monumentos clásicos máis significativos que forman parte do patrimonio español.

-Coñecer as características dos principais sistemas políticos presentes no mundo clásico establecendo semellanzas e diferenzas entre elas.

-Coñecer as características e a evolución da organización social grega e romana e a súa presenza na sociedade actual.

-Identificar e explicar os diferentes papeis que desempeñan dentro da familia cada un dos seus membros.

-Identificar as principais formas de traballo e de ocio existentes na Antigüidade.

-Recoñecer os diferentes tipos de escritura e distinguilas entre si.

-Distinguir distintos tipos de alfabetos usados na actualidade.

-Coñecer a orixe común de diferentes linguas.

-Describir a evolución das linguas romances a partir do latín como un proceso histórico.

-Identificar as linguas romances e non romances da Península Ibérica e localizalas nun mapa.

-Identificar léxico común, técnico e científico de orixe grecolatina na propia lingua e sinalar a súa relación coas palabras latinas ou gregas orixinarias.

-Describir algúns aspectos básicos da cultura e a civilización grecolatina que chegaron ata a actualidade.

-Coñecer a presenza da mitoloxía e os temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.

-Identificar os aspectos máis importantes da historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país e recoñecer as pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual.

-Realizar traballos de investigación sobre a presenza da civilización clásica no contorno, utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación.

-Coñecer as características fundamentais da romanización de Hispania.

-Coñecer e comparar as características da relixiosidade grega e romana coa actualidade.

-Explicar os fundamentos da relixiosidade romana e distinguir a relixión oficial das manifestacións de culto privado.

-Coñecer as principais características dos xéneros literarios grecolatinos e a súa influencia na literatura posterior.

# 4. DESENVOLVEMENTO DO CURRÍCULO

## 4.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Presentamos os criterios de avaliación relacionados cos respectivos estándares de aprendizaxe, competencias clave e concreción dos mínimos esixibles.

| Materia | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | C_clave | Mínimos esixibles |
|---|---|---|---|---|

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Cultura Clásica. 1º ciclo de ESO. 3º curso | B1.1. Localizar nun mapa fitos xeográficos e enclaves concretos relevantes para o coñecemento das civilizacións grega e romana. | CCB1.1.1. Sinala sobre un mapa o marco xeográfico en que se sitúan en distintos períodos as civilizacións grega e romana, delimitando o seu ámbito de influencia, establecendo conexións con outras culturas próximas e situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica. | CMCCT,CD,CAA | -Sinalar nun mapa o marco xeográfico no que se sitúan os distintos períodos das civilizacións grega e romana.<br><br>-Situar con precisión certos puntos xeográficos relevantes dende o punto de vista histórico (tanto de Grecia como de Roma) |
| Cultura Clásica. 1º ciclo de ESO. 3º curso | B1.2. Describir os marcos xeográficos en que se desenvolven as civilizacións grega e romana ao longo da súa historia. | CCB1.2.1. Enumera aspectos do marco xeográfico que poden ser considerados determinantes no desenvolvemento das civilizacións grega e latina, e achega exemplos para ilustrar e xustificar as súas formulacións. | CSC,CD,CAA | -Dividir a xeografía de Grecia en tres grandes áreas e delimitar as zonas principais: rexións, illas, ciades e montañas.<br><br>-Situar Roma no marco xeográfico que lle correponde e delimitar as montañas, mares, illas e ríos que forman parte da Península Itálica. |
| Cultura Clásica. 1º ciclo de ESO. 3º curso | B2.1. Identificar, describir e explicar o marco histórico en que se desenvolven as civilizacións grega e romana. | CCB2.1.1. Sabe enmarcar determinados feitos históricos nas civilizacións grega e romana e no período histórico correspondente, póndoos en contexto e relacionándoos con outras circunstancias contemporáneas. | CAA,CMCCT,CD,CSC | -Delimitar e enmarcar os principais períodos da historia de Grecia: civilización minoica, civilización micénica, Idade escura, Idade Arcaica, Época clásica, Época Helenística.<br><br>-Delimitar e enmarcar os trece séculos da historia de Roma: A monarquía, a República e o imperio. |
| Cultura Clásica. 1º ciclo de ESO. 3º curso | B2.2. Coñecer as principais características de cada período da historia de Grecia e Roma, e saber situar nun eixe cronolóxico feitos históricos. | CCB2.2.1. Distingue con precisión as etapas da historia de Grecia e Roma, nomeando e situando no tempo os principais fitos asociados a cada unha delas.<br>CCB2.2.2. Explica o proceso de transición que se produce entre as etapas da historia de Grecia e Roma, describindo as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras.<br>CCB2.2.3. Elabora eixes cronolóxicos en que se representen fitos históricos salientables, consultando ou non fontes de información.<br>CCB2.2.4. Sitúa dentro dun eixe cronolóxico o marco histórico en que se desenvolven as civilizacións grega e romana, sinalando períodos e identificando en cada un as conexións máis importantes que presentan con outras civilizacións. | CSIEE,CMCCT,CD,CSC,CAA | - Situar correctamente no tempo e no espazo a civilización minoica..<br><br>-Situar correctamente o marco xeográfico e o espazo temporal da civilización micénica.<br><br>-Situar correctamente no tempo a denominada Idade Escura.<br><br>-Situar correctamente no tempo o período da Idade Arcaica, recoñecer como propias desta época as súas principais achegas e analizar correctamente os seus destacados cambios políticos e sociais.<br><br>-Situar correctamente no tempo o período coñecido como Época Clásica, recoñecer os seus principais logros.<br><br>-Situar correctamente no tempo o período coñecido como Época Helenística, recoñecer o cambio político fundamental que se produciu nesta época.<br><br>-Identificar a figura de Alexandre Magno, os seus logros e a evolución do seu imperio á súa morte.<br><br>-Recoñecer a fundación de Roma como |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | | acontecemento histórico, o seu tempo e situar temporalmente o período da Monarquía en Roma.<br><br>-Situar correctamente o marco temporal da República romana, identificar as súas principais institucións e acontecementos bélicos, recoñecer o seu final a través de formas personalistas de goberno como os triunviratos.<br><br>-Situar correctamente no tempo do período denominado Imperio, as súas fases, protagonistas e acontecementos políticos principais.<br><br>-Identificar elementos da herdanza histórica de Grecia e de Roma na historia do noso país e de Europa. |
| Cultura Clásica. 1º ciclo de ESO. 3º curso | B2.3. Coñecer as características fundamentais da romanización de Hispania e Gallaecia. | CCB2.3.1. Explica a romanización de Hispania e Gallaecia, describindo as súas causas e delimitando as súas fases.<br>CCB2.3.2. Enumera, explica e ilustra con exemplos os aspectos fundamentais que caracterizan o proceso da romanización de Hispania e Gallaecia, sinalando a súa influencia na historia posterior do noso país. | CCEC,CAA, CSC,CCL | -Explicar o proceso de conquista de Hispania e a resistencia coa que se atoparon.<br><br>-Explicar o proceso de conquista de Gallaecia e a resistencia coa que se atoparon.<br><br>-Coñecer as características xerais do proceso de romanización.<br><br>-Coñecer as bases da economía Hispana e na Gallaecia.<br><br>-Coñecer os monumentos romanos en Hispania e na Gallaecia. |
| Cultura Clásica. 1º ciclo de ESO. 3º curso | B3.1. Coñecer os principais deuses da mitoloxía grecolatina. | CCB3.1.1. Pode nomear coa súa denominación grega e latina os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o seu ámbito de influencia, explicando a súa xenealoxía e establecendo as relacións entre os diferentes deuses. | CD,CCEC,CCL | -Recoñecer os principais deuses olímpicos.<br><br>-Coñecer as principais divindades romanas.<br><br>-Coñecer as principais divindades gregas.<br><br>-Nomear os seus principais dominios e atributos. |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Cultura Clásica. 1º ciclo de ESO. 3º curso | B3.2. Coñecer os mitos e os heroes grecolatinos, e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais. | CCB3.2.1. Identifica dentro do imaxinario mítico deuses, semideuses e heroes, e explica os principais aspectos que os diferencian.<br>CCB3.2.2. Sinala semellanzas e diferenzas entre os mitos da antigüidade clásica e os pertencentes a outras culturas, comparando o seu tratamento na literatura ou na tradición relixiosa.<br>CCB3.2.3. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, analizando a influencia da tradición clásica neste fenómeno e sinalando as principais semellanzas e diferenzas que se observan entre ambos os tratamentos, asociándoas a outros trazos culturais propios de cada época | CCEC,CD,CCL,CCS,CMCT | -Recoñecer os principais heroes grecolatinos.<br>-Establecer as principais diferenzas entres os heroes e os deuses.<br>-Recoñecer a fronteira entre mitoloxía e historia.<br>-Coñecer a influencia e pervivencia da mitoloxía grecorromana nas sociedades actuais. |
| Cultura Clásica. 1º ciclo de ESO. 3º curso | B3.3. Coñecer e comparar as características da relixiosidade e da relixión grega coas actuais. | CCB3.3.1. Enumera e explica as principais características da relixión grega, póndoas en relación con outros aspectos básicos da cultura helénica e establecendo comparacións con manifestacións relixiosas propias doutras culturas. | CSC,CMCCT,CCEC | -Coñecer as características xerais da relixión en Grecia.<br>-Coñecer os rituais e cultos gregos.<br>-Identificar que é un oráculo. |
| Cultura Clásica. 1º ciclo de ESO. 3º curso | B3.4. Explicar os fundamentos da relixiosidade romana e distinguir a relixión oficial das manifestacións do culto privado. | CCB3.4.1. Distingue a relixión oficial de Roma dos cultos privados, e explica os trazos que lles son propios. | CSC,CMCCT,CCEC | -Coñecer as características xerais da relixión en Roma.<br>-Coñecer os cultos en Roma.<br>-Coñecer a situación dos cristiáns en Roma. |
| Cultura Clásica. 1º ciclo de ESO. 3º curso | B4.1. Coñecer as características fundamentais da arte clásica e relacionar manifestacións artísticas actuais cos seus modelos clásicos. | CCB4.1.1. Recoñece os trazos básicos da arte clásica nas manifestacións artísticas antigas e actuais.<br>CCB4.1.2. Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles aspectos relacionados coa arte grecolatina, asociándoos a outras manifestacións culturais ou a fitos históricos. | CD,CCEC,CMCCT | -Recoñecer a perda da pintura grega en materiais que non fosen a cerámica. Identificar os temas tratados na pintura cerámica e os seus tipos.<br>- Recoñecer a conservación da pintura romana en depósitos arqueolóxicos, especialmente en Pompeia e Herculano e identificar os seus principais temas.<br>- Recoñecer o mosaico como técnica artística desenvolvida especialmente en Roma, os seus elementos constitutivos e técnica, identificar os seus temas e recoñecer a súa contribución ao coñecemento da sociedade romana.<br>- Comprender a importancia da arte grega e romana no desenvolvemento da arte occidental.<br>- Identificar a existencia na pintura moderna e contemporánea de referencias clásicas e da mitoloxía, así como da orixe grecorromana de diversos aspectos da arte. |
| Cultura Clásica. 1º | B4.2. Identificar as características máis salientables | CCB4.2.1. Recoñece as características esenciais das arquitecturas grega e romana, identificando en | CCEC,CMC | -Identificar as principais características da arquitectura grega (arquitrabada), recoñecer as |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ciclo de ESO. 3º curso | da arquitectura grecorromana en relación cos edificios máis singulares. | imaxes a orde arquitectónica á que pertencen distintos monumentos, para razoar a súa resposta. | CT,CD | tres ordes arquitectónicas que crearon os gregos; coñecer as diferentes partes de que se compoñía un templo grego, coñecer algúns dos seus tipos e os exemplos que se conservaron.<br><br>-Recoñecer a herdanza e influxo da arquitectura grega na arquitectura europea.<br><br>-Identificar as principais características da arquitectura romana (arco, bóveda e cúpula), recoñecer as ordes arquitectónicas que crearon os romanos; coñecer e expor as características dos templos romanos, as súas distintas partes e as diferenzas co templo grego, así como os exemplos máis significativos. |
| Cultura Clásica. 1º ciclo de ESO. 3º curso | B4.3. Coñecer as manifestacións escultóricas da arte grega e romana ao longo da Antigüidade e identificar a súa temática. | CCB4.3.1. Recoñece esculturas gregas e romanas en imaxes, encádraas nun período histórico e identifica nelas motivos mitolóxicos, históricos ou culturais. | CCEC,CMCCT,CD | -Identificar as características da escultura grega e o seu significado; recoñecer as tres épocas da escultura grega, as súas características e a súa evolución respecto á anterior, así como as súas principais representacións e exemplos.<br><br>- Identificra as principais características da escultura romana en comparación coa escultura grega; recoñecer as súas dúas principais manifestacións en relevos e retratos, así como as súas principais manifestacións. |
| Cultura Clásica. 1º ciclo de ESO. 3º curso | B4.4. Coñecer as creacións urbanísticas romanas, así como a súa rede viaria. | CCB4.4.1. Describe as características, os principais elementos e a función das grandes obras públicas romanas, explicando e ilustrando con exemplos a súa importancia para o desenvolvemento do Imperio e a súa influencia en modelos urbanísticos posteriores. | CSC,CMCCT,CD,CCEC | -Recoñecer a importancia das grandes obras públicas romanas.<br><br>-Recoñecer a influencia dos modelos romanos en modelos actuais. |
| Cultura Clásica. 1º ciclo de ESO. 3º curso | B4.5. Coñecer e saber localizar os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo. | CCB4.5.1. Localiza nun mapa os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo, identificando a partir de elementos concretos o seu estilo e súa cronoloxía aproximada. | CAA,CD,CCEC,CMCCT | -Recoñecer entre un abano de posibilidades os principais monumentos clásicos tanto de España como de Europa. |
| Cultura Clásica. 1º ciclo de ESO. 3º curso | B5.1. Coñecer as características das principais formas de organización política presentes no mundo clásico, e establecer semellanzas e diferenzas entre elas. | CCB5.1.1. Nomea os principais sistemas políticos da antigüidade clásica e describe, dentro de cada un, a forma de distribución e o exercicio do poder, as institucións, o papel que estas desempeñan e os mecanismos de participación política. | CSC,CCL | - Coñecer as principais institucións do sistema político espartano, a súa composición e as súas funcións.<br><br>-Recoñecer as institucións que conformaban o sistema político ateniense, a súa composición e principais funcións e apreciar o papel destas para o correcto funcionamento da democracia de Atenas. |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | | -Identificar elementos das institucións gregas na herdanza histórica e cultural da nosa sociedade.<br><br>- Identificar a institución do Senado romano, así como o seu lugar de reunión, a súa composición e as súas principais funcións; valora o seu papel na historia política de Roma.<br><br>-Recoñecer o significado das maxistraturas romanas, a súa ordenación e os requisitos para o seu desempeño, así como a súa importancia dentro da organización política de Roma.<br><br>-Recoñecer as asembleas como institución política de participación do pobo en Roma, así como os tres tipos de asembleas e as súas competencias.<br><br>-Valorar a súa función como medio de participación política.<br><br>-Clasificar as maxistraturas correctamente nos tipos de especiais, ordinarias e extraordinarias. |
| Cultura Clásica. 1º ciclo de ESO. 3º curso | B5.2. Coñecer as características e a evolución das clases sociais en Grecia e Roma. | CCB5.2.1. Describe a organización das sociedades grega e romana, explicando as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha, relacionando estes aspectos cos valores cívicos da época e comparándoos cos actuais.<br>CCB5.2.2. Describe as principais características e a evolución dos grupos que compoñen as sociedades grega e romana. | CSIEE,CSC, CCL | -Identificar correctamente as tres clases sociais en que se organizaba a sociedade ateniense, as súas principais funcións, os seus dereitos e deberes políticos e sociais e a súa significación numérica.<br><br>-Coñecer as tres clases sociais da sociedade espartana de Época Clásica, establecer paralelos coa sociedade ateniense e identificar os aspectos militares que impregnaron a organización social espartana.<br><br>-Identificar correctamente as dúas clases sociais en que se organizaba a sociedade romana arcaica, as súas orixes e a súa composición.<br><br>-Coñecer as tres clases de cidadáns existentes na Roma antiga, a súa composición e as características principais, ademais de mostrar interese polas súas diferenzas e funcións dentro da organización social romana.<br><br>-Coñecer os tres tipos de non cidadáns existentes na Roma antiga, a súa composición e as características principais, ademais de mostrar interese polas súas diferenzas e funcións dentro da organización social romana. |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Cultura Clásica. 1º ciclo de ESO. 3º curso | B5.3. Coñecer a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros. | CCB5.3.1. Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros, identificando e explicando a través deles estereotipos culturais e comparándoos cos actuais. | CSC,CCL | -Sinalar as distintas fases que se producen desde o nacemento ata o recoñecemento e imposición dun nome aos nenos en Grecia.<br><br>-Coñecer as diferenzas co nacemento dunha nena.<br><br>-Distinguir as partes rituais que en Roma conducían ao recoñecemento dun neno acabado de nacer.<br><br>-Identificar e recoñecer as partes e o sentido dos nomes romanos.<br><br>-Coñecer as diferenzas que existían entre xéneros desde o nacemento.<br><br>-Identificar as principais funcións e o papel que desempeñaba a muller grega en función do seu status social. Sinalar as condicións xerais en que se producían os matrimonios e as consecuencias do divorcio para homes e mulleres.<br><br>-Establecer diferenzas coa sociedade actual. Valorar a conquista de dereitos por parte da muller na sociedade actual e os dereitos aínda por conseguir.<br><br>-Identificar as principais funcións e o papel que desempeñaba a muller romana, a súa dependencia do paterfamilias e os avances que a súa situación supoñía respecto da sociedade grega.<br><br>-Sinalar as condicións xerais en que se producían os matrimonios e os seus dous tipos, así como o divorcio.<br><br>-Identificar diferenzas coa sociedade actual.<br><br>-Describir a situación e o aprecio que recibían os anciáns en Grecia e en Roma e as súas principais diferenzas coa situación dos anciáns na actualidade.<br><br>-Establecer os aspectos que diferencian o papel da muller e dos anciáns nas sociedades grega e romana co da muller e os anciáns na sociedade actual. |
| Cultura Clásica. 1º ciclo de ESO. 3º | B5.4. Coñecer os trazos máis salientables da vida cotiá en Grecia e Roma. | CCB5.4.1. Identifica e describe os tipos de vivenda, o modo de alimentación, os hábitos de hixiene e a vestimenta en Grecia e Roma.<br>CCB5.4.2. Identifica e describe formas de traballo e | CD,CAA,CSC,CMCCT, CCL | -Describir as características principais das casas gregas e identificar e definir os seus dous tipos de estanzas para mulleres e homes. Analizar as |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| curso | | relaciónaas cos coñecementos científicos e técnicos da época, e explica a súa influencia no progreso da cultura occidental. | | semellanzas e diferenzas coas casas actuais.<br><br>-Recoñecer os principais tipos de casas romanas: insulae, domus, villae, villae rusticae e as súas diferenzas. Identificar as principais características e estancias da domus romana. Analizar e describir os aspectos das casas romanas que se mantiveron no deseño das casas actuais, coa incorporación de adiantos técnicos.<br><br>-Coñecer as principais comidas que se realizaban ao longo do día por gregos e romanos e os principais ingredientes.<br><br>-Recoñecer as partes de que se compoñía unha cea romana e os pratos que nela se servían.<br><br>-Coñecer o significado dos banquetes en Grecia e en Roma (simposio e convivio) como parte integrante da cultura e a vida de gregos e romanos.<br><br>-Identificar as actividades que se levaban a cabo nos banquetes.<br><br>-Identificar as formas de vestir de homes e mulleres en Grecia e as súas principais roupas, o seu calzado e a estética masculina e feminina.<br><br>-Establecer semellanzas e diferenzas entre a preocupación pola estética na sociedade grega e a actual.<br><br>-Identificar as formas de vestir de homes e mulleres en Roma e as súas principais roupas, o seu calzado e a estética masculina e feminina.<br><br>-Establecer semellanzas e diferenzas entre a preocupación pola estética na sociedade romana e a actual.<br><br>-Coñecer as diferentes formas de traballo e valorar o seu influxo no momento. |
| Cultura Clásica. 1º ciclo de ESO. 3º curso | B5.5. Identificar as principais formas de lecer da antigüidade. | CCB5.5.1. Describe as principais formas de lecer das sociedades grega e romana, analizando a súa finalidade, os grupos aos que van dirixidas e a súa función no desenvolvemento da identidade social. | CSIEE,CAA, CSC,CCL | -Describir as principais actividades de lecer dun cidadán grego e comparalas criticamente coas actividades da sociedade actual.<br><br>-Recoñecer en que momento do día se dedicaban a exercicios ximnásticos, a acudir á palestra, xogar ás táboas ou dados e acudir a banquetes.<br><br>-Describir as principais actividades de lecer dun cidadán romano e comparalas criticamente coas |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | | actividades da sociedade actual.<br><br>-Recoñecer en que momento do día se dedicaban a botar a sesta, acudir aos baños (termas para os que non eran ricos), facer exercicios, pasear, ver espectáculos e asistir a banquetes.<br><br>-Identificar os tipos de edificios en que se celebraban os ludi circenses. Enunciar e recoñecer a disposición e os elementos do circo, así como as competicións que nel se celebraban.<br><br>-Identificar as características do edificio do anfiteatro, a súa disposición, os seus elementos e finalidade.<br><br>-Identificar a extracción e a orixe das persoas que loitaban como gladiadores, describir o desenvolvemento das loitas e os símbolos que ao final da loita podían significar o perdón ou a morte.<br><br>-Coñecer os tipos de loitas contra feras que se celebraban nos anfiteatros, a súa crueldade e a súa barbarie. |
| Cultura Clásica. 1º ciclo de ESO. 3º curso | B5.6. Relacionar e establecer semellanzas e diferenzas entre as manifestacións deportivas da Grecia Clásica e as actuais. | CCB5.6.1. Explica a orixe e a natureza dos Xogos Olímpicos, comparándoos e destacando a súa importancia con respecto a outras festividades deste tipo existentes na época, e comenta o seu mantemento no mundo moderno, establecendo semellanzas e diferenzas entre os valores culturais aos que se asocian en cada caso. | CD,CAA,CSC,CCL | -Coñecer as principais competicións deportivas gregas e as súas sedes.<br><br>-Identificar as cerimonias de inicio dos Xogos Olímpicos, frecuencia, lugares e métodos de adestramento dos atletas, premios que recibían nas probas, posibles sancións e participación das mulleres nos Xogos Hereos.<br><br>-Recoñecer as tres principais probas de loita que se celebraban nos xogos: puxilato, loita e pancracio, as súas características e execución.<br><br>-Recoñecer as dúas probas hípicas que se celebraban nos xogos: carreira de cabalos e carreira de carros, as súas características e execución.<br><br>-Coñecer o significado de pentatlón e o seu sentido como proba integrada, recoñecer as probas que o formaban, as súas características e execución. |
| Cultura Clásica. 1º ciclo de ESO. 3º | B6.1. Coñecer a existencia de diversos tipos de escritura, distinguilos e comprender as súas funcións. | CCB6.1.1. Recoñece tipos de escritura, clasifícaos consonte súa natureza e a súa función, e describe os trazos que os distinguen. | CD,CCEC,CCL | - Identificar os distintos soportes da escritura que se utilizaban na Antigüidade.<br><br>-Distinguir os principais sistemas de escritura e as |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| curso | | | | súas características.<br>-Valorar a escritura como sistema de comunicación e transmisor de cultura. |
| Cultura Clásica. 1º ciclo de ESO. 3º curso | B6.2. Coñecer a orixe do alfabeto e distinguir os tipos de alfabetos usados na actualidade. | CCB6.2.1. Nomea e describe os trazos principais dos alfabetos máis utilizados no mundo occidental, diferenciándoos doutros tipos de escrituras, e explica a súa orixe. | CAA,CCEC, CCL | -Coñecer os distintos alfabetos principais, a súa evolución e as súas características, así como a súa achega ao noso alfabeto latino. |
| Cultura Clásica. 1º ciclo de ESO. 3º curso | B6.3. Recoñecer a presenza de elementos dos alfabetos grego e latino nos alfabetos actuais. | CCB6.3.1. Explica a influencia dos alfabetos grego e latino na formación dos alfabetos actuais, e sinala nestes últimos a presenza de determinados elementos tomados dos primeiros. | CD,CMCCT ,CCEC,CCL | -Identificar as letras do alfabeto grego e latino, coñecer a súa escritura e a pronunciación.<br>-Valorar a achega do alfabeto grego á escritura actual a través do alfabeto latino.<br>-Identificar en actividades e en comentarios de textos os elementos lingüísticos herdados do grego e do latín, tanto na propia lingua coma no sistema alfabético de escritura. |
| Cultura Clásica. 1º ciclo de ESO. 3º curso | B6.4. Coñecer a orixe común das linguas indoeuropeas. | CCB6.4.1. Enumera e localiza nun mapa as principais ramas da familia das linguas indoeuropeas, sinalando os idiomas modernos que se derivan de cada unha e os aspectos lingüísticos que evidencian o seu parentesco. | CMCCT,CD ,CSC | -Recoñecer os tipos de clasificación das linguas, a súa metodoloxía e os conceptos de familia lingüística e protolingua.<br>-Coñecer o concepto de familia indoeuropea, así como as súas principais características históricas, xeográficas e lingüísticas.<br>-Recoñecer os grupos e as linguas que conforman a familia indoeuropea. |
| Cultura Clásica. 1º ciclo de ESO. 3º curso | B6.5. Identificar as linguas europeas romances e non romances, e localizalas nun mapa. | CCB6.5.1. Identifica as linguas que se falan en Europa e en España, diferenciando pola súa orixe as romances e as non romances, e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan. | CSC,CD,CC L,CCA | -Identificar as distintas linguas romances que se falan actualmente en España e coñecer o seu proceso de formación.<br>-Identificar o éuscaro como lingua prerromana non indoeuropea e a súa relación co latín e linguas de contacto.<br>-Identificar as distintas linguas romances que se falan actualmente en Europa e saber localizalas nun mapa. |
| Cultura Clásica. 1º ciclo de ESO. 3º curso | B6.6. Identificar a orixe grecolatina do léxico das linguas de España e doutras linguas modernas. | CCB6.6.1. Recoñece e explica o significado dalgúns dos helenismos e latinismos máis frecuentes utilizados no léxico das linguas faladas en España e doutras linguas modernas, e explica o seu significado a partir do termo de orixe.<br>CCB6.6.2. Explica o significado de palabras a partir da súa descomposición e da análise etimolóxica das | CCL,CCA | -Coñecer o significado de certas expresións latinas e empregalas correctamente no discurso.<br>-Identificar lexemas estudados no léxico científico e técnico da propia lingua e coñecer o significado que achegan. |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | súas partes. | | |
| Cultura Clásica. 1º ciclo de ESO. 3º curso | B6.7. Distinguir e identificar latinismos, cultismos, semicultismos e termos patrimoniais. | CCB6.7.1. Identifica e diferencia con seguridade cultismos, semicultismos e termos patrimoniais, en relación co termo de orixe sen necesidade de consultar dicionarios nin outras fontes de información.<br>CCB6.7.2. Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual. | CCA,CCL,CD | -Recoñecer a diferenza entre palabras patrimoniais, cultas e semicultas.<br>-Coñecer o proceso de creación de novos termos a partir dos orixinais, mediante o proceso de derivación e composición.<br>-Coñecer o significado de certos latinismos comúns na lingua habitual e utilizalos correctamente no discurso. |
| Cultura Clásica. 1º ciclo de ESO. 3º curso. | CCB6.2.1. Nomea e describe os trazos principais dos alfabetos máis utilizados no mundo occidental, diferenciándoos doutros tipos de escrituras, e explica a súa orixe | -Exame tradicional ou proba obxectiva.<br>-Proba escrita realizada co propio caderno diante.<br>-Probas periódicas escritas en exames de curta duración ou, no seu caso, preguntas orais, co gallo de levar un estudo continuo da materia.<br>-Observación do traballo encomendado no caderno.<br>-Traballo na casa.<br>-Traballa na aula. |
| Cultura Clásica. 1º ciclo de ESO. 3º curso. | CCB6.3.1. Explica a influencia dos alfabetos grego e latino na formación dos alfabetos actuais, e sinala nestes últimos a presenza de determinados elementos tomados dos primeiros. | -Exame tradicional ou proba obxectiva.<br>-Proba escrita realizada co propio caderno diante.<br>-Probas periódicas escritas en exames de curta duración ou, no seu caso, preguntas orais, co gallo de levar un estudo continuo da materia.<br>-Observación do traballo encomendado no caderno.<br>-Traballo na casa.<br>-Traballa na aula. |
| Cultura Clásica. 1º ciclo de ESO. 3º curso. | CCB6.4.1. Enumera e localiza nun mapa as principais ramas da familia das linguas indoeuropeas, sinalando os idiomas modernos que se derivan de cada unha e os aspectos lingüísticos que evidencian o seu parentesco. | -Exame tradicional ou proba obxectiva.<br>-Proba escrita realizada co propio caderno diante.<br>-Probas periódicas escritas en exames de curta duración ou, no seu caso, preguntas orais, co gallo de levar un estudo continuo da materia.<br>-Observación do traballo encomendado no caderno. |

| | | |
|---|---|---|
| | | -Traballo na casa.<br><br>-Traballa na aula. |
| Cultura Clásica. 1º ciclo de ESO. 3º curso. | CCB6.5.1. Identifica as linguas que se falan en Europa e en España, diferenciando pola súa orixe as romances e as non romances, e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan. | -Exame tradicional ou proba obxectiva.<br>-Proba escrita realizada co propio caderno diante.<br>-Probas periódicas escritas en exames de curta duración ou, no seu caso, preguntas orais, co gallo de levar un estudo continuo da materia.<br><br>-Observación do traballo encomendado no caderno.<br><br>-Traballo na casa.<br><br>-Traballa na aula. |
| Cultura Clásica. 1º ciclo de ESO. 3º curso. | CCB6.6.1. Recoñece e explica o significado dalgúns dos helenismos e latinismos máis frecuentes utilizados no léxico das linguas faladas en España e doutras linguas modernas, e explica o seu significado a partir do termo de orixe.<br>CCB6.6.2. Explica o significado de palabras a partir da súa descomposición e da análise etimolóxica das súas partes. | -Observación do traballo encomendado no caderno.<br><br>-Traballo na casa.<br><br>-Traballa na aula. |
| Cultura Clásica. 1º ciclo de ESO. 3º curso. | CCB6.7.1. Identifica e diferencia con seguridade cultismos, semicultismos e termos patrimoniais, en relación co termo de orixe sen, necesidade de consultar dicionarios nin outras fontes de información.<br>CCB6.7.2. Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual. | -Observación do traballo encomendado no caderno.<br><br>-Traballo na casa.<br><br>-Traballa na aula. |
| Cultura Clásica. 1º ciclo de ESO. 3º curso. | CCB6.8.1. Explica os procesos de evolución dalgúns termos desde o étimo latino ata os seus respectivos derivados nas linguas romances, describindo algúns dos fenómenos fonéticos producidos e ilustrándoos con outros exemplos.<br>CCB6.8.2. Realiza evolucións do latín ao galego e ao castelán aplicando as regras fonéticas de evolución. | -Observación do traballo encomendado no caderno.<br><br>-Traballo na casa.<br><br>-Traballa na aula. |
| Cultura Clásica. 1º ciclo de ESO. 3º curso. | CCB6.9.1. Explica a partir da súa etimoloxía termos de orixe grecolatina propios da linguaxe científico-técnica e sabe usalos con propiedade. | -Observación do traballo encomendado no caderno.<br><br>-Traballo na casa.<br><br>-Traballa na aula. |
| Cultura Clásica. 1º ciclo de ESO. 3º curso. | CCB6.10.1. Demostra o influxo do latín e o grego sobre as linguas modernas servíndose de exemplos para ilustrar o mantemento nestas de elementos léxicos morfolóxicos e sintácticos herdados das primeiras. | -Observación do traballo encomendado no caderno.<br><br>-Traballo na casa.<br><br>-Traballa na aula. |
| Cultura Clásica. 1º ciclo de ESO. 3º curso. | CCB6.11.1. Describe as características esenciais dos xéneros literarios grecolatinos e recoñece a súa influencia na literatura posterior. | -Exame tradicional ou proba obxectiva.<br>-Proba escrita realizada co propio caderno diante.<br>-Probas periódicas escritas en exames de curta duración ou, no seu caso, preguntas orais, co gallo de levar un estudo continuo da materia.<br><br>-Observación do traballo encomendado no caderno.<br><br>-Traballo na casa.<br><br>-Traballa na aula. |

| | | |
|---|---|---|
| Cultura Clásica. 1º ciclo de ESO. 3º curso. | CCB6.12.1. Nomea aos autores máis representativos da literatura grecolatina, encádraos no seu período histórico e cita as súas obras máis coñecidas. | -Traballo monográfico ou en grupo escrito (exposición dun tema, participación en sesións de debate, etc.) |

## 5. METODOLOXÍA

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento do alumnado e o alumno ou alumna adquire un maior grao de protagonismo.

En concreto, na área de **Cultura Clásica:**

Necesitamos adestrar de xeito sistemático os procedementos que conforman a estrutura da materia. Se ben a finalidade da área é adquirir coñecementos esenciais que se inclúen no currículo básico e as estratexias do método científico, o alumnado deberá desenvolver actitudes conducentes á reflexión e análise sobre as grandes achegas da cultura clásica á nosa civilización. Para iso necesitamos certo grao de **adestramento individual e traballo reflexivo** de procedementos básicos da materia: a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a argumentación en público e a comunicación audiovisual.

Nalgúns aspectos da área, sobre todo naqueles que pretenden o uso sistemático de procesos de método científico, o **traballo en grupo colaborador** achega, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e enriquecemento persoal desde a diversidade, unha ferramenta perfecta para discutir e afondar en contidos dese aspecto.

Por outro lado, cada alumno parte dunhas potencialidades que definen as súas intelixencias predominantes; enriquecer as tarefas con actividades que se desenvolvan desde a **teoría das intelixencias múltiples** facilita que todos os alumnos poidan chegar a comprender os contidos que pretendemos adquirir para o desenvolvemento dos obxectivos de aprendizaxe.

Na área de Cultura Clásica é indispensable a **vinculación a contextos reais,** así como xerar posibilidades de aplicación dos contidos adquiridos. Para iso, as tarefas competenciais facilitan este aspecto, que se podería complementar con proxectos de aplicación dos contidos.

Cómpre, xa que logo, conseguir a <u>motivación intrínseca</u>. Esta motivación supón un reforzo da autoestima, unha mellora do autoconcepto e unha boa interacción na aula. Os defectos nestes tres aspectos repercuten nos problemas de motivación.

- **Avaliación formativa e tratamento dos erros**. É importante facer uso da avaliación formativa, que nos dea información cualitativa sobre o proceso educativo e cómpre ter en conta que se aprende cos erros e dos erros. Os erros poden afectar en maior ou menor medida á consecución dos obxectivos, entendidos como capacidades. Podemos falar en primeiro lugar dos erros propriamente ditos e dos descoidos. Non podemos

esixir a perfección. E nunca se debe esquecer que os erros poden estar provocados por defectos no proceso de ensino.

Non é preciso sermos exhaustivos na análise dos erros, malia que nalgúns momentos do curso sexa necesario. Entre os mecanismos de superación das deficiencias detectadas cómpre potenciar a autocorrección do alumno ou alumna. É consonte co principio didáctico da autonomia da aprendizaxe. O seu desenvolvemento permite crear mecanismos de autocontrol da aprendizaxe.

- **Importancia dos procedementos e estratexias da aprendizaxe.** A variedade de actividades é fundamental para conquerir unha aprendizaxe. Ademais, non podemos esquecer o carácter gradual e é mester unha ordenación das actividades so este criterio: do máis sinxelo e dodado ao máis complexo e difícil.

Outros procedementos salientables son os relacionados coa **comparación lingüística** e cultural. O traballo de grupos de palabras de varias linguas axuda moito a coñecer as igualdades e diferenzas entre as linguas clásicas e as modernas (neolatinas ou doutra procedencia). As igualdades estreitan os elos históricos e culturais entre o mundo antigo e o actual. Son un elemento do noso carácter integrador. As diferenzas discriminan e clarifican as características propias de cada idioma.

As actividades lúdicas son abondo motivadoras, aínda que é necesario saber dosificalas e tamén aplicalas nun contexto didáctico cuns obxectivos concretos.

Os aspectos máis salientables da nosa proposta vanse resumir no seguinte:

- ✓ Facilitar o acceso de todo o mundo á educación común, coas medidas necesarias de atención á diversidade.
- ✓ Atender os diferentes ritmos de apredizaxe do alumnado.
- ✓ Favorecer a capacidade de aprender por si mesmos e promover o traballo en equipo.
- ✓ Procurar a adquisición e o desenvolvemento das competencias básicas, axeitando o seu logro progresivo ás características do alumnado do curso e da materia.
- ✓ Predispór e reforzar o hábito de lectura con textos seleccionados a tal fin.
- ✓ Desenvolver a comprensión lectora e a expresión oral e escrita.
- ✓ Incidir, asemade, na comunicación audiovisual e no uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

# 6. AVALIACIÓN

## 6.1. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

A lei sinala que "a avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado deberá ser integradora, e deberá terse en conta desde todas as materias a consecución dos obxectivos establecidos para a etapa e do desenvolvemento das competencias correspondentes. O carácter integrador da avaliación non impedirá que o profesorado realice de xeito diferenciado a avaliación de cada materia tendo en conta os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe

de cada unha delas”. A avaliación da área de Cultura Clásica terá en conta esta e todas as demais directrices desta orde, polo que adoptaremos como puntos de partida básicos para a avaliación os seguintes:

- A avaliación será **continua** e **formativa**. Continua non quere dicir en ningún caso que terá en conta só os resultados finais, senón que, tendo en conta a situación de partida de cadaquén, valoraranse continuamente todos os aspectos do proceso de ensino-aprendizaxe.

- A necesidade dunha axeitada **avaliación inicial**. A partir da información recollida, o profesor seleccionará aqueles contidos e obxectivos máis axeitados ás realidades dos escolares e planificará as actividades que lles permitan progresar desde a situación de partida. Esta proba inicial estará baseada sobre todo no aspecto cultural e de civilización grecorromana. Temos que constatar que os nosos alumnos e alumnas se enfrontan por primeira vez a esta materia, mais moitos destes contidos xa foron impartidos no segundo curso na materia de CCSS.

Antes do desenvolvemento das unidades **explicaráselles aos alumnos** en que consistirá a avaliación: os instrumentos para avaliar, os aspectos que recibirán atención e criterios de cualificación, influencia de valoracións parciais na valoración final...

A avaliación non se limitará só á adquisición de conceptos, tamén terán unha importancia fundamental as actitudes e os procedementos que permiten, e demostran, a adquisición das competencias.

As sesións de avaliación na área de Cultura Clásica para os alumnos ordinarios de ESO serán tres e terán a seguinte distribución:

1ª avaliación..................decembro.

2ª avaliación...................marzo.

3ª avaliación.................... xuño.

Ademais, celebrarase unha sesión de avaliación extraordinaria en setembro, nas datas que fixe a Consellería e o centro, para os alumnos que non superasen a avaliación final ordinaria de xuño.

## 6.2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A cualificación dos alumnos pretende reflectir unha valoración do grao de consecución dos obxectivos tendo en conta todos os tipos de contidos e o grao de adquisición das competencias.

Os/as alumnos/as recibirán unha cualificación por trimestre que pretende valorar equitativamente e obxectivamente todos os estándares avaliables:

-Polas probas realizadas ao longo do trimestre poderán obter un máximo de 7 puntos. É imprescindible acadar 3 puntos sobre 10 neste apartado (tan só na primeira proba) para sumar aos demais e poder aprobar a avaliación. A segunda destas probas escritas realizarase co caderno diante; o alumnado poderá respostar as preguntas consultando todo o que necesite do seu caderno. Trátase de incentivalos a que atendan diariamente e completen ben os seus apuntamentos, deben ser conscientes dende un comezo que unha boa parte da súa nota parte do seu traballo diario. Para que esta nota poida sumarse á da outra proba e facer media é necesario acadar un 5 sobre 10.

Nestas probas valoraranse os contidos, mais tamén se terán en conta outros aspectos: ortografía, expresión escrita e presentación (por este concepto poderase baixar a nota ata **dous puntos**). Cómpre que todos os alumnos/as se presenten á totalidade das probas escritas para poder estabelecer a media aritmética. En ningún caso se repetirá o exame a un alumno/a que falte o día sinalado para a proba escrita sen causa debidamente xustificada. A non presentación a unha proba implica unha puntuación de cero á hora de realizar a media aritmética entre as dúas probas trimestrais.

-Traballos de investigación que logo exporán na aula, traballos escritos, exercicios de aula que o docente mande entregar de forma escrita…: 2 puntos.

-Comportamento na aula e actitude ante a materia, traballo diario na aula e na casa: 1 punto.

Para superar a materia o alumnado deberá obter unha cualificación igual ou superior a 5 en cada unha das avaliacións. No caso de non superar algunha poderá ser recuperada en xuño.

O emprego probado dalgún tipo de axuda non permitida expresamente (chuletas clásicas ou na súa modalidade máis avanzada tecnoloxicamente, copiar dos compañeiros, etc…) suporá suspender a avaliación trimestral de forma automática.

## 6.3. AVALIACIÓN INICIAL

O obxectivo da avaliación incial é avaliar os coñecementos previos para organizar as estratexias pedaxógicas pertinentes. Ademais o propio alumno/a tamén avalía os coñecementos que posúe antes de comezar o seu traballo, o que se pode aproveitar para motivalo, ao constatar os seus progresos. A avaliación inicial terá que realizarse no só ao comezo de curso, senón tamén ao iniciar cada unha das unidades didácticas.

Tanto a avaliación inicial de comezo de curso como a avaliación inicial de cada unidade didáctica realizaraa a profesora dentro da súa programación de aula. Poderá empregar os recursos e actividades que considere oportunos, por exemplo formular preguntas significativas aos alumnos.

Para comezar, nos primeiros días de clase, o alumnado realizará un test inicial con 25 preguntas sobre as linguas clásicas, restos arqueolóxicos, monumentos gregos e romanos, mitoloxía, deuses, números romanos, arte, películas de contido grego e romano, expresións latinas e latinismos, etapas da historia de Grecia e Roma…

Este exercicio será corrixido pola docente e entregaralle ao alumnado o resultado só para constatar o nivel de coñecementos do que parten. A seguir, farán un exercicio en rede con solución inmediata (**Exercicio de Jaime Morente**) onde completarán os contidos do primeiro test escrito.

## 7. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Un dos principios básicos que o profesor debe ter en conta na aula é a individualización da aprendizaxe, partindo sempre da situación inicial de cada alumno ou alumna en concreto. Este, de xeito único e individual, ha de ter ao seu alcance unha educación baseada na súa motivación, intereses e capacidades de aprendizaxe.

Propoñemos así axeitar a nosa axuda pedagóxica a cada alumno e alumna en concreto, escoller coidadosamente os recursos didácticos e variar sempre que sexa preciso a nosa estratexia metodolóxica.

Propoñemos levar a cabo unha metodoloxía diversa, baseándonos:

• En alternar o traballo individual e en pequenos grupos.

• En realizar un seguimento diario do alumnado con dificultades.

• En utilizar material didáctico que responda aos seus intereses e, sobre todo, práctico.

• En non comparar ao alumno ou alumna co grupo.

• En todo momento, estarase aberto á realización de pequenas adaptacións, se fose preciso. Para isto seguiremos unhas pautas de traballo: determinación de que é o que o alumno ou alumna non consegue facer, determinación dos contidos a traballar e a metodoloxía a utilizar e comprobación mediante a avaliación de cales foron os obxectivos acadados.

Para dar resposta a esta diversidade proporase a realización de actividades ou exercicios axeitados, co gallo de afianzar os contidos lingüísticos, culturais e léxicos traballados na unidade, tendo en conta que:

- Para o alumnado que amose problemas na asimilación dos diversos contidos, hanse de preparar exercicios de dificuldade graduada para os temas lingüísticos e léxicos; para os temas culturais esixiráselle a realización de lecturas breves e esquemas destas, sempre acompañadas da axuda do profesor.
- Namentras se realizan estas actividades de recuperación, aqueles alumnos e alumnas que xa acadaran satisfactoriamente os contidos propostos realizarán tarefas preparadas de antemán para afondar neles, como realización de pequenos traballos de investigación na Biblioteca ou en Internet sobre temas culturais, traducións ou lecturas complementarias e ampliación de léxico da propia lingua relacionado co tema, mediante dicionarios ou textos axeitados.

Vaise conceder grande importancia en todo momento ao traballo persoal e individual, en concreto aplicarase nas actividades de consolidación, así como nas de recuperación e ampliación.

Á hora de formular as medidas de atención á diversidade e inclusión habemos de solicitar, tamén, diversa información sobre cada grupo de alumnos e alumnas; como mínimo debe coñecerse a relativa a:

-O número de alumnos e alumnas (este curso contamos cun grupo de 12 alumnos/as).

-O funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...): Aínda sen coñecer totalmente o alumnado, podemos supor que imos ter dous grupos diferenciados, xa que, contamos por un lado cun alumnado pouco motivado e que repite 3º ESO e polo outro con outro alumnado que procede de 2º ESO cun rendemento académico moi bo. Isto o fai que, a priori, haxa xa que adaptarlle os contidos pois contan cun reducido nivel de comprensión e pouca capacidade de traballo nuns casos e con todo o contrario noutros. Dende o comezo das aulas iranse modificando as estratexias metodolóxicas en función dos resultados e do nivel de atención e de entendemento do alumnado. En todo caso, farase un seguimento maior e unha personificación dos contidos a todos aqueles alumnos /as que o precisen para mellorar o proceso de aprendizaxe.

## 8. ACCIÓNS DE EDUCACIÓN EN VALORES

Na liña dunha concepción integral da educación, a educación cívicosocial e moral son fundamentais para procurar que os nosos alumnos e alumnas acaden comportamentos responsables na sociedade respectando as ideas e crenzas dos demais.

Isto conleva que na nosa materia incorporemos temas, que, non sendo propios dunha disciplina en concreto, son imprescindibles en toda relación humana de igualdade. É o que denominamos Transversalidade ou Temas transversais.

O ensino dos temas transversais supón fundamentalmente a adquisición de contidos de valor. Mais isto require un proceso axeitado:

• Achegamento ao valor, para coñecelo e descubrilo como tal e aprecialo.

• Libre elección das crenzas e condutas entre varias alternativas, logo de considerar as consecuencias, e unha seria adhesión a elas.

• Incorporación do valor á conduta, ata obrar habitualmente consonte con el.

### Educación moral, cívica e constitucional

A materia de Cultura Clásica pode propiciar:

-A valoración das diferenzas existentes entre as distintas linguas como manifestación da riqueza cultural.

-A valoración crítica da pervivencia de costumes e elementos socioculturais do mundo clásico na sociedade occidental actual.

-O aprezo do patrimonio artístico procedente da época clásica e disposición favorable a asegurar a súa conservación e defensa.

-O respecto e valoración da achega romana e grega á cultura actual do Estado Español.

-O interese cara á civilización romana e grega como forma de vida e organización social, provocando un interese pola lectura de textos clásicos sobre estes temas e a concienciación por parte do alumnado da influencia do mundo clásico nos sistemas de organización social actuais.

### Educación para a paz

Cos distintos temas que imos tratar, trataremos de fomentar:

-O aprezo e valoración da diversidade lingüística e cultural do Estado Español como mostra da diversidade e riqueza culturais.

-O interese e predisposición a acadar os obxectivos particulares con métodos pacíficos e baseados no respecto.

-O respecto polas ideas e opinión alleas.

-O respecto pola diversidade lingüística europea e, en concreto, da diversidade lingüística do Estado Español co fin de procurar a paz e a harmonía entre os pobos.

-O interese de cara á civilización romana e grega como forma de vida e organización social, provocando un interese pola lectura de textos clásicos sobre estes temas e a concienciación por parte do alumnado da influencia do mundo clásico nos sistemas de organización social actuais.

-O respecto e a valoración da diversidade histórica e cultural do Estado Español, debida en parte ás consecuencias da Romanización, como unha realidade distintiva e enriquecedora do noso patrimonio colectivo.

### Educación para a saúde

Cos distintos textos, tentaremos conseguir:

-O respecto cara a todo o relacionado coa arte a cultura e a medicina: da cultura clásica en particular e de toda ela en xeral.

-A valoración do coidado corporal e da saúde, tanto física como psíquica, coma un valor fundamental actual herdado da cultura grecolatina.

### Educación para a igualdade entre os sexos

Dende a materia, trataremos de conseguir:

-O rexeitamento diante de calquera situación, da vida cotiá e da relación social, de descriminación por razón de sexo.

-O interese por solucionar os feitos descriminatorios que se vaian presentando ao longo da vida.

-A valoración da igualdade de oportunidades de ambos os sexos.

-O respecto ao sexo oposto en todo momento e diante de calquera situación.

-O rexeitamente da violencia de xénero.

-A valoración crítica de institucións, crenzas e formas de vida da cultura clásica dende a prespectiva sociocultural actual, provocando un hábito de reflexión diante dos aspectos que denoten calquera tipo de descriminación.

**Educación ambiental**

-Neste caso podemos propiciar a valoración da diversidade e riqueza do noso patrimonio histórico-artístico procedente do mundo clásico e fomentar unha disposición favorable a actuar na súa defensa e conservación.

**Educación viaria**

-Valoración de accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico.

-Coñecemento dos dereitos e deberes como usuarios/as das vías.

Asemade, recordaraselle ao alumnado a necesidade de coñecer ben as directrices do **Plan de Convivencia** do Centro para facer un óptimo cumprimento delas e mellorar a calidade de convivencia no centro. Deberán:

-Manifestar entusiasmo pola materia e dar exemplo de dedicación e interese para favorecer a dedicación do alumnado ao estudo.

-Favorecer sesións de grupo para detectar os valores e normas relacionadas coa dedicación ao estudo e á educación.

-Crear un clima de confianza co alumnado, e transmitirlle individualmente os valores básicos relacionados coa disciplina do Centro.

-Informar e solicitar colaboración á familia en relación cos problemas observados na aula

-Ensinar as normas de disciplina de maneira adecuada á capacidade e etapa evolutiva do alumnado.

-Explicar como as normas son necesarias para a boa marcha da clase.

-Propiciar a participación do alumnado na procura de solucións aos problemas disruptivos que presente na aula.

-Analizar a efectividade das medidas utilizadas a curto e a longo prazo.

## 9. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC DO CENTRO

O Decreto 133/2007, no seu anexo VI, regula os plans de integración das tecnoloxías da información e a comunicación nos centros e o apartado e) do artigo 10 do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, establece entre os seus obxectivos que se deben: "desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación".

Dende a área de Cultura Clásica colaborarase, ao longo do presente curso, no fomento da utilización das novas tecnoloxías relacionadas coa información e a comunicación. Neste sentido, estas son as actuacións previstas máis salientables:

-Busca de información sobre cuestións, sobre todo relacionadas coa materia, en páxinas web facilitadas polo profesor e recomendadas no propio libro de texto.

-Participación en webquest e outras actividades, mesmo xogos, sempre relacionados cos contidos da materia e baixo a guía e supervisión do profesor na aula de informática.

-Participación nas bitácoras relacionadas co centro (Blogdasilva e outros) ou alleas a el, onde exporán as súas opinións e achegas sobre distintos temas, co fin de traballar os distintos tipos de texto.

-Participación na páxina do centro, onde se introducirán as distintas actividades realizadas ao longo do curso.

-Visitaremos páxinas web doutros centros e comprobaremos o grao de desenvolvemento de cada una delas con respecto á do noso.

-Elaboración de traballos expositivos en power point (irase facendo de maneira progresiva e segundo o desenvolvemento dos alumnos).

-Visionado de películas relacionadas cos temas a tratar.

As dúas horas semanais destinadas á materia desenvolveranse sempre na aula de Informática. Pretendemos que o alumnado chegue aos coñecementos a través das súas propias pescudas e para iso será necesario dispor en todos momento dun ordenador por alumno/a.

## 10. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR E PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO

Ademais do traballo cos textos introdutorios de cada unidade, a profesora ten previstas as seguintes actividades para contribuír ao proxecto lector:

1. Lectura, a comezo ou final da sesión (ó redor de 5 ou 10 minutos), por parte do profesor, e co fin de espertar no alumnado a curiosidade, dun fragmento motivador dunha obra literaria, aproveitando diferentes motivos: a publicación dun libro, a concesión dun premio a un escritor, a súa relación cun aspecto que se está tratando na aula, a celebración de datas como o Día da paz, o Día mundial da poesía...

2. Lectura dunha selección de textos de autores clásicos latinos.

3. Nalgunhas sesións o profesor presenta cuestións moi diversas arredor dun mesmo tema que os alumnos deben resolver utilizando distintas fontes documentais (atlas, libros de texto, webs…) na biblioteca do centro.

4. Lectura do libro: *Guárdate de los Idus* de Lola Gándara.

5. Dende a nosa área tentaremos colaborar co club de lectura da biblioteca "Á lus de San Finx" .

A materia de Cultura Clásica impartirase en galego, polo que tentaremos por todos os medios promover e divulgar a lingua galega en todas as actividades realizadas. Contribuiremos co **Proxecto Lingüístico de Centro** nesta e noutras medidas como:

-Traballar cara a consecución dunha boa competencia nas dúas linguas oficiais.

-Promover a lectura, fala, comprensión e escritura na lingua propia da nosa Comunidade.

-Fomentar o uso das TICs empregando o galego.

-Potenciar a valoración positiva do uso do idioma galego.

-Potenciar a valoración positiva da herdanza das linguas greco-latinas nas linguas románicas peninsulares. Ver a evolución dende o latín a todas e cada unha das linguas da Península Ibérica.

## 11. ACTIVIDADES DE REFORZO/RECUPERACIÓN

Durante o curso sempre hai alumnos e alumnas que por diversas causas van afastándose da marcha xeral. Isto conleva que pouco a pouco vaian abandonando o seu interese pola materia e, como consecuencia, diminuíndo o seu rendemento. Para todos aqueles alumnos e alumnas que teñan problemas en asimilar determinados conceptos ou en aplicar determinados procedementos, tense pensado realizar:

- Follas personalizadas, onde aparezan actividades que reforcen os conceptos ou procedementos que foran mal asimilados.
- Seguimento en clases de afondamento, se os horarios o permiten (aproveitamento de recreos ou horas de garda).
- Tratamento individualizado en cada caso, a fin de conseguir os obxectivos xerais.
- Seguimento diario do alumnado con dificultades.
- Non comparar o alumno/a co grupo.
- Pequenas adaptacións no caso de ser preciso.

- Para o alumnado que amose problemas na asimilación dos diversos contidos, hanse de preparar exercicios de dificuldade graduada para os temas lingüísticos e léxicos; para os temas culturais esixiránselle a realización de lecturas breves e esquemas destes, sempre acompañadas da axuda do profesor.
- Mentres se realizan estas actividades de recuperación, aqueles alumnos e alumnas que xa acadaran satisfactoriamente os contidos propostos realizarán tarefas preparadas de antemán para afondar neles, como realización de pequenos traballos de investigación na Biblioteca ou en Internet sobre temas culturais, traducións ou lecturas complementarias e ampliación de léxico da propia lingua relacionado co tema, mediante dicionarios ou textos axeitados.

Este curso 2016/2017 temos tres alumnos coa materia pendente de Cultura Clásica. Son rapaces que proceden do PEMAR e tentaráselles facilitar o proceso de recuperación. Para iso entregaráselles un caderno de exercicios con actividades moi sinxelas que os oriente á hora de estudar para a proba que deberán realizar no mes de maio.

En outubro farase unha reunión con eles para ofrecerlles o material de traballo. Farao a profesora que vai impartir a marteria, que tamén realizará un seguimento e avaliación continuados e periódicos dese traballo.

Iráselles revisando as actividades e poden acudir cando o desexen á profesora para solicitarlles axuda e orientación (a axuda recibirana nos recreos dun día da semana nunha aula determinada).

Deberán entregar unha primeira parte das actividades en xaneiro e unha segunda en abril. En cada quenda, devolveránselles corrixidas individualmente para que estuden para as probas de maio e setembro.

En canto aos materiais, facilitaránselles libros, fotocopias e a relación de contidos mínimos que deben adquirir.

A entrega dos boletíns farase da seguinte maneira:

-Na semana do 9 ao 13 de xaneiro de 2016 deben entregar a primeira parte das actividades encomendadas á profesora encargada da súa avaliación.

-A segunda entrega farana na semana do 17 ao 21 de abril de 2016.

Este material seralles devolto convenientemente corrixido para que repasen e preparen a proba de avaliación de maio.

-Na última semana de maio (o día está pendente de confirmar), realizarán unha proba escrita na que se incluirán algúns exercicios semellantes aos entregados nas fichas.

## 11.1 CRITERIOS PARA SUPERAR AS MATERIAS PENDENTES POLA AVALIACIÓN CONTINUA.

Os criterios de avaliación para estes alumnos serán os que marca a lei para o nivel do que se avalíen. Se ben a situación destes alumnos ten peculiaridades propias, na medida do posible axustarémonos ás directrices marcadas para a avaliación dos demais alumnos da ESO.

No tocante aos criterios de cualificación, a puntuación final terá en conta:

-O traballo desenvolvido ao longo do curso (40%).

-A proba escrita de maio (60%).

Para aprobar, é condición indispensable aprobar cada unha das partes.

## 12. MATERIAIS DIDÁCTICOS

Tendo en conta os aspectos da nosa programación (obxectivos, contidos, estándares de aprendizaxe, a metodoloxía…), a profesora considerou axeitada a elección dos materiais que ofrece Edicións Anaya.

O alumnado dispón, polo tanto, do libro **Cultura CLásica, Anaya** (Primeiro ciclo ESO)

Ademais diso, empregarase outro tipo de material didáctico, velaquí unha mostra del:

- Blog do Departamento de Lingua e Literaruta Galega e do Equipo de Dinaminación Lingüística (Blogdasilva).
- Documentais en DVD, sobre os aspectos máis salientables da Historia e da cultura latinas e gregas.
- Películas relacionadas cos aspectos culturais a tratar.
- Ordenadores da aula de informática (de feito, as dúas sesións terán lugar na aula de informática).
- Fotocopias.
- Dicionarios de todo tipo: das diferentes linguas modernas e clásicas, e etimolóxicos.
- Libro de lectura: *Guárdate de los Idus* de Lola Gándara.
- Libro de lectura: *Mitos gregos* de Maria Angiledou.
- Prensa escrita.
- Textos clásicos (en latín, galego e/ou castelán ou bilingües).
- Textos especializados científicos e técnicos.

## 13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

As actividades están destinadas a contribuír á formación integral dos alumnos/as e a servir como complemento do seu traballo propiamente escolar. Á hora de organizar estas actividades hai que ter en conta tamén as características que ofrece o contexto socioeconómico e cultural en que se desenvolve o noso traballo docente: o ambiente familiar, as peculiaridades do alumnado, do centro e do contorno.

Tendo en cota que esta é a segunda vez que o Departamento de Galego imparte a materia de Cultura CLásica e que tampuco a houbo en cursos académicos anteriores, non dispomos aínda de suficiente información para planificar de maneira adecuada un número considerable de actividades extraescolares, razón pola cal propomos as seguintes, algunas comúns ao departamento.

-Asistencia a obras de teatro en Santiago ou comarca.

-Colaboración nas actividades do Equipo de Dinamización Lingüística e do Equipo de Biblioteca-clubs de lectura.

-Celebracións do Día internacional contra a violencia de xénero, o Día da paz, Día do libro, Semana da prensa e semana das Letras Galegas, datas escollidas para conmemorar dun xeito conxunto todo o centro.

-Excursión a Ourense ou Lugo de un día de duración para asistir a unha obra de teatro e coñecer a cidade.

## 14. AVALIACIÓN DA PROPIA PROGRAMACIÓN / PRÁCTICA DOCENTE

Para levar a cabo esta avaliación cómpre revisar os seguintes aspectos:

1) **A adecuación de actividades e obxectivos ao nível de desenvolvemento do alumnado**, ás súas experiencias e coñecementos previos co gallo de acadar unha aprendizaxe significativa.

2) **A temporalización e secuenciación de contidos**. Hase de revisar o tempo adicado aos procedementos para sabermos se é axeitado para a asimilación dos contidos e para a construción de aprendizaxes significativas. Tamén debemos atender á distribución e organización dos contidos coa finalidade de acadar unha aprendizaxe progresiva.

3) **O axuste dos materiais curriculares e dos recursos didácticos ás necesidades do alumnado**. Cómpre comprobar se os recursos favoreceron a autonomía e motivación do alumnado, valorando o tratamento á diversidade e o logro dos obxectivos.

4) **A organización do espazo de traballo**. Valorar a creación dun bo ambiente de traballo no que o alumno ou alumna se sinta identificado e revisar a forma de agrupamento dos alumnos e alumnas en función das súas características e dos contidos que se traballan.

5) **Avaliación da aprendizaxe do alumnado**.

E podemos valernos dos seguintes procedementos:

1) **Comentarios, debates e charlas** co alumnado —individual ou en grupo— ao remate do trimestre.

2) **Análise da programación e reflexión sobre os aspectos anteriormente descritos.**

3) **Recollida de información nas avaliacións ou noutros momentos ao longo do curso, transmitida pola titoría ou pola xefatura de estudos.**

4) **A finais de curso, recollida de información sobre a práctica docente a través de enquisas realizadas no propio departamento e/ou a través da valoración e impresión da profesora encargada de impartir a materia.**

De igual modo, propoñemos o uso dunha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto; esta pódese realizar ao final de cada trimestre, para así poder recoller as melloras no seguinte. A devandita ferramenta descríbese a continuación:

| ASPECTOS A AVALIAR | A DESTACAR... | A MELLORAR... | PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL |
|---|---|---|---|
| Temporalización das unidades didácticas | | | |
| Desenvolvemento dos obxectivos didácticos | | | |
| Manexo dos contidos da unidade | | | |
| Descritores e desempeños competenciais | | | |
| Realización de tarefas | | | |
| Estratexias metodolóxicas seleccionadas | | | |
| Recursos | | | |
| Claridade nos criterios de avaliación | | | |
| Uso de diversas ferramentas de avaliación | | | |
| Portfolio de evidencias dos estándares de aprendizaxe | | | |
| Atención á diversidade | | | |
| Interdisciplinariedade | | | |

**Lousame, 28 de setembro de 2016**

**A profesora,**

**Asdo: Fátima Miguéns Horta**